

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE XULLO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asiste tamén ao acto dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de xullo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### 2º.- Boletíns e correspondencia

- Resolución do 8 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN519B). Figura o Concello de Cambre coa finalidade "Renovación do emisor da rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo (tramo A Marisqueira) coa contía da axuda de 103.527,33 euros. (Diario Oficial de Galicia número 145, do 21 de xullo de 2020).

- Resolución 2020/22313, do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO216: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto persoal atención de museos e importe de subvención 10.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 113, do 22 de xullo de 2020).

- Resolución do 10 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no

exercicio 2020. (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro). Figura o Concello de Cambre cun importe 2020 de 25.000,00 euros. (Diario Oficial de Galicia número 147, do 23 de xullo e 2020).

- Resolución do 24 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 149 do 27 de xullo de 2020).

### 3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao 23 de xullo do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 1007/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 1041/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1007/2020	17-07-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de xullo de 2020
1008/2020	17-07-2020	Servizo de organización do "Galaicoi virtual"
1009/2020	17-07-2020	Admitidos campamentos urbanos de verán 2020
1010/2020	17-07-2020	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: JCHM
1011/2020	17-07-2020	Denegar a axuda alimentación, segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos . Solicitante: GHPS
1012/2020	17-07-2020	Subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2019
1013/2020	17-07-2020	Modificación de datas nos convenios de colaboración asinados con varias entidades sen fins lucrativos para a realización de traballo práctico na ocupación de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións dentro do obradoiro de emprego "PROXEDIS - PROWEB" 2019-2020
1014/2020	20-07-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do judo durante o ano 2018
1015/2020	20-07-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 44.633,64 €
1016/2020	20-07-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 28.995,65 euros
1017/2020	20-07-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do 23 de xullo de 2020
1018/2020	20-07-2020	Remisión datos relativos aos contraentes de matrimonio civil RL e LM
1019/2020	21-07-2020	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por ara a instalación dun invernadoiro e construción dun cerramento e un portal na finca sita en Sarnoso, Brexo. JAHH
1020/2020	21-07-2020	Denegar a licenza municipal solicitada para executar unha acometida eléctrica para usos agrícolas na finca sita en Altamira,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Anceis. UFD, DE, S.A.
1021/2020	21-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMFM
1022/2020	21-07-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DCH
1023/2020	21-07-2020	CM Tintorería para a limpeza da roupa empregada na Cabalgata de Reis 2020
1024/2020	21-07-2020	Conceder a bonificación da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2020).
1025/2020	21-07-2020	Conceder a bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (2º trimestre 2020)
1026/2020	21-07-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra RENOVACIÓN RED DE ABASTECIMIENTO EN PEIRAI, CAMIÑOS MUNICIPAIS 00210 E 00259, BRIBES. CAMBRE. POS+ADICIONAL 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes por importe total de 6.355,07 euros, así como o seu pagamento
1027/2020	21-07-2020	Aprobación de certificación de obra correspondentes á obra Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación da pavimentación en Castrillón (Pravio), incluída no PAS + 2015, e factura, por importe total de 6.234,14 euros
1028/2020	22-07-2020	Ausencia de don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación dos servizos de Turismo e Patrimonio, dende o día 24 ao 31 de xullo de 2020, ambos os dous incluídos
1029/2020	22-07-2020	Ausencia de dona Maria del Carmen Pan Matos, concelleira do servizo de Desenvolvemento Asociativo, dende o día 27 de xullo ao 2 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos
1030/2020	22-07-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1031/2020	22-07-2020	Conceder a axuda emerxencia social recibo de aluguer abril 2020 por importe de 280 euros. Solicitante: MMJ
1032/2020	23-07-2020	Subministración de material equipamento deportivo para o mantemento para pavillóns polideportivos e campos de fútbol
1033/2020	23-07-2020	Subministración e instalación de Portáis e Portas Pavillón Polideportivo O Temple
1034/2020	23-07-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de maio de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xuño de 2020
1035/2020	23-07-2020	Avocación de competencias do sétimo tenente de alcalde don Diego Alcantarilla Rei dende o día 3 ao 14 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos

1036/2020	23-07-2020	Aprobación xestión padroal do mes de abril de 2020
1037/2020	23-07-2020	Remisión do borrador para coñecemento, valoración e inicio da tramitación municipal do convenio para a renovación da permanencia na rede de bibliotecas de Galicia dos servizos bibliotecarios municipais. adaptación art. 49 da lei 40/2
1038/2020	23-07-2020	Delegación de funcións da Alcaldía os días 28, 29 e 31 de xullo de 2020 e do 1 ao 9 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos, no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
1039/2020	23-07-2020	Aprobación da retribución polos servizos prestados pola Tesoureira de Boiro en acumulación no concello de Cambre en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Administración local de data 29 de maio de 2020
1040/2020	23-07-2020	Solicitud NORMALIZACIÓN LING Xunta 2020
1041/2020	23-07-2020	Solicitudes de adhesión ao programa Son de Bares do Concello de Cambre días 23, 25, 26 e 31 de xullo

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Proposta de adxudicación da “subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, a prol do licitador “Eurocebrian, S.L.”, no prezo ofertado total anual de 5.251,88 euros IVE incluído, (4.340,40 euros sen IVE). Expte: 2020/C005/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**Único: Proposta de adxudicación da “subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, a prol do licitador “Eurocebrian, S.L.”, no prezo ofertado total anual de 5.251,88 euros IVE incluído, (4.340,40 euros sen IVE). Expte: 2020/C005/000001**

Vista a proposta da Alcaldía de data 24 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C005/000001 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante aplicación de fórmulas), da “subministración de trofeos para eventos /competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación para dúas anualidades de 22.293,04 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas admitidas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (prezo ofertado á baixa, diminución do número de días para que o Concello poida concretar o pedido, e incremento do prazo de garantía) e que consta na Acta do órgano de asistencia designado para o presente procedemento de data 5 de xuño de 2020, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia, e ratificada segundo Acta do día 13 de xullo de 2020, o a prol do licitador “Eurocebrian, S.L.”, nos prezos unitarios ofertados que supoñen un prezo total anual de 4.340,40 euros sen IVE, 5.251,88 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser

anormalmente baixa, isto segundo o informe emitido polo coordinador de deportes municipal con data 7 de xullo de 2019, ratificado polo órgano de asistencia constituído no presente procedemento, en sesión celebrada con data 13 de xullo de 2020.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 22 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 197/2020 emitido polo interventor municipal con data do 24 de xullo actual .

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade coa proposta formulada con data de 5 de xuño de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, admitir as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C, Subtitulados "Documentación administrativa e criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo achegado a declaración responsable e a proposición, conforme ás condicións e requisitos establecidos na Cláusula 14.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares :

- Eurocebrian, S.L.
- Artículos Martínez, S.L.
- Compañía de Iniciativas, Soluciones y Servicios Tecnológicos, S.L.
- Orfebrería Sezar, S.L.
- Ovejero Sequeiro, S.L.
- Valentín Sánchez Jiménez
- Artesanos del Cristal, S.L.

**Segundo:** De conformidade coa proposta formulada con data de 5 de xuño de 2020 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente de contratación, e tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II. do referido Prego no seu apartado nº 9, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no presente procedemento nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obrigación legal respecto da que non cabe decisión algunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, excluír a oferta presentada pola entidade "Agrupación Guerrero, S.L.", ao non atoparse este licitador, á data final de







CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

BAIXA MÁX.		MEDIA OFERT.		Media excluíndo temerarias alta			
4871,60		5750,61		MEDIA OFERT.	5410,80		
		Temeraria baixa	5367,05	Temeraria baixa	5049,90		
		Temeraria alta	6134,18	Temeraria alta	5771,70		
<hr/>							
ART. MARTÍNEZ		INICIATIVAS, S.Y S.T.		EUROCEBRIAN		ORFEB. SEZAR	
DÍAS	4	DÍAS	15	DÍAS	3	DÍAS	8
BAIXA	16,00	BAIXA	5,00	BAIXA	17,00	BAIXA	12,00
PUNTOS	18,82	PUNTOS	5,88	PUNTOS	20,00	PUNTOS	14,12
<hr/>							
OVEJERO SEQUEIRO		VALENTÍN SÁNCHEZ		ARTESANOS DEL CRISTAL			
DÍAS	7	DÍAS	12	DÍAS	7		
BAIXA	13,00	BAIXA	8,00	BAIXA	13,00		
PUNTOS	15,29	PUNTOS	9,41	PUNTOS	15,29		
<hr/>							
BAIXA MÁX.		17,00					
<hr/>							
ART. MARTÍNEZ		INICIATIVAS, S.Y S.T.		EUROCEBRIAN		ORFEB. SEZAR	
GARANTÍA	3	GARANTÍA	3	GARANTÍA	3	GARANTÍA	3
PUNTOS	7,50	PUNTOS	7,50	PUNTOS	7,50	PUNTOS	7,50
<hr/>							
OVEJERO SEQUEIRO		VALENTÍN SÁNCHEZ		ARTESANOS DEL CRISTAL			
GARANTÍA	4	GARANTÍA	3	GARANTÍA	3		
PUNTOS	10,00	PUNTOS	7,50	PUNTOS	7,50		
<hr/>							
GARAN. MÁX.		4,00					
<hr/>							
ART. MARTÍNEZ		INICIATIVAS, S.Y S.T.		EUROCEBRIAN		ORFEB. SEZAR	
TOTAL	65,07	TOTAL	35,54	TOTAL	97,50	TOTAL	65,89
<hr/>							
OVEJERO SEQUEIRO		VALENTÍN SÁNCHEZ		ARTESANOS DEL CRISTAL			
TOTAL	43,99	TOTAL	66,50	TOTAL	44,86		

**Cuarto:** Aprobar, de acordo coa proposta do órgano de asistencia que consta no informe de valoración de ofertas de data 5 de xuño de 2020, a seguinte orde decrecente de clasificación das proposicións admitidas, á vista do resultado da valoración das ofertas presentadas polos licitadores de acordo ao establecido na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares :

Empresa	Puntuación Total
Eurocebrian, SL	97,50
Valentin Sánchez Jiménez	66,50
Orfebrería Sezar, SL	65,89
Artículos Martinez, SL	65,07
Artesanos del Cristal, S.L.	44,86
Ovejero Sequeiro, S.L.	43,99
Compañía de Iniciativas,Soluciones y Servicios Tecnológicos, S.L.	35,54

**Quinto:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 5 de xuño de 2020, posteriormente ratificada o día 13 de xullo de 2020, adjudicar o expediente

núm. 2020/ C005/000001 para o contrato de Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre, a favor da empresa " Eurocebrian, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*9806 e domicilio na rúa Atenas nº 14D, La Pobra de Vallbona, Valencia, nos prezos unitarios ofertados que seguidamente se relacionan, e que supoñen un importe total anual de 5.251,88 euros IVE incluído, (4.340,40 euros sen IVE), un prazo para confirmación de pedido por parte do Concello de Cambre de 3 días naturais e un prazo de garantía de 3 anos, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP) por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente procedemento , toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Os prezos unitarios de adxudicación son os seguintes, segundo a oferta presentada :

Trofeos tamaño nº3: entre 15-20 cm: 6,50 euros/unidade (sen IVE)

Trofeos tamaño nº2:entre 20-25 cm: 9,90 euros/unidade (sen IVE)

Trofeos tamaño nº1: entre 25-30 cm: 12,00 euros/unidade (sen IVE)

Copa prata (alta calidade) entre 30-35 cm con peana de madeira: 480,00 euros/unidade (sen IVE)

Medallas 50 mm: 1,15 euros/unidade (sen IVE)

Placa: 20x15 cm: 21,00 euros/unidade (sen IVE)

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo ofertado, así como na redución do prazo de pedido, criterios nos que a empresa obtivo as maiores puntuacións , así como no incremento do prazo de garantía .

**Sexto:** De conformidade co establecido na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Sétimo:** Nomear como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, de conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.





O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Juan González Leirós

Maria Luisa de la Red Ampudia